

MEIGA
MOIRA

AUROLA AUSTRAL

Héctor Cajaraville



BAÍA EDICIÓN S

AURORA AUSTRAL, de Héctor Cajaraville
obtivo no ano 2024 o XI Premio Meiga Moira
de Literatura Xuvenil convocado por Baía Edicións.
O xurado estivo composto por
Ánxela Gracián, Teresa Gesteira, Emma Pedreira,
Conchi Regueiro e Belén López.

1.ª PARTE

OS TEMPOS ESTÁN A MUDAR

Martes, 18 de xuño

Unha rapaza loura e con lentes percorre o pouco espazo que permanece transitable nas rúas dunha cidade en ruínas. Leva case vinte e catro horas camiñando sen rumbo e é posible que xa pasase varias veces polo punto en que se encontra agora. Tanto lle ten: o único que quere é atopar alguén que lle axude a entender o que pasou desde que o día anterior espertou de repente ao lle caer enriba o teito do seu cuarto.

A partir dese instante desatouse o caos: explosións que se superpoñían unhas ás outras, un continuo escintilar de luces no ceo, berros, o po que o cubría todo, unha chuvía maina e persistente, as alarmas dos comercios e os vehículos, unha calor pegañenta, un can a ladrar na casa dalgún veciño, o corpo sen vida da nai na cociña, o cheiro non de todo desagradable dalgún tipo de material sintético en combustión.

Cando saíu da vivenda, a moza sorprendeuse pola súa capacidade para pensar con lucidez sobre o que acababa de acontecer. Ela, que se asustaba por ver de cando en vez unha lagarta a tomar o sol no céspede da casa. «Ben, algo fixo que a cidade voase polos aires. A miña nai está morta e o meu pai debía estar camiño do traballo. Puido morrer, ou quizais aínda siga vivo. Teño feridas, pero nada grave, só o golpe da

lámpada. Mellor será non quedar aquí, pero antes vou coller o imprescindible».

Durante varios minutos berrou para avisar de que estaba viva, por se alguén a oía. Chamou algúns veciños polo seu nome (os poucos que sabía) e percorreu as rúas próximas na procura doutros superviventes. Só o can que oíra ladrar respondía os seus berros cun oulear frenético. Todas as persoas que foi atopando perderan a vida na explosión, e a moza non puido evitar unha aguillada de malestar, desazo e estrañeza ao se preguntar por que ela non morrera tamén.

A partir dese momento converteuse nunha autómatas que se desprazaba polo que quedaba de Lei Na Hai sen saber moi ben cara a onde. Seguiu o itinerario que intuía que facía o seu pai camiño do traballo, aínda que nin sequera sabía exactamente onde nin en que traballaba o seu pai. Sentiu un certo remorso por non preguntarlle xamais a que se dedicaba. Nin sequera cando viña de botar varios días fóra da casa, como sucedera a semana anterior, como sucedía case todas as semanas... Pensou en como unha filla podía actuar dun xeito tan arrogante e consolouse pensando que poucos dos seus amigos poderían responder con acerto esa mesma cuestión.

Non sentía frío, e moito menos fame ou sede: tiña a cidade enteira ao seu dispor para entrar en calquera establecemento e coller o que precisase. A última hora comeu uns poucos *jiaozi* fríos que colleu nun restaurante cos vidros rebentados e meteu o resto na mochila que portaba ao lombo. Decidiu pasar a noite no propio local: había un recuncho desde o cal podía controlar o acceso e as luces de seguridade, cuxas baterías aínda non se consumiran, ofrecían unha mínima seguranza. «Feliz aniversario», díxolle

con sorna á súa imaxe reflectida nun dos escasos espellos indemnes.

Contra todo prognóstico, durmiu case toda a noite sen apenas desvelarse, Demasiadas emocións, xustificouse. Só o paso de varios grupos de superviventes alterou a paz nocturna; incluso algúns deles accederon ao recinto para levar canda si os menús do expositor luminoso e refrixerado que xa non iluminaba nin refrixeraba. Engruñada contra si mesma, foron pasando as horas entre o estupor e a extenuación.

O fulgor primeiro do abrente enche de luz a estancia. A dor remitira e só un latexar xordo lle lembra o golpe co que a mañá anterior espertara no medio dos entullos da casa. Axiña vai recordando todo o demais: a chuvia, o po en suspensión, o silencio, as miradas furtivas, os mortos... Segue conmocionada pero, paseniño, a cabeza empeza a funcionar de novo. Colle a mochila que deixara no chan ao seu carón e bota a andar.

Como na xornada anterior, evita cruzarse cos grupos de homes e mulleres que parecen ver naquela hecatombe a ocasión de vingarse de algo, do que sexa, da propia vida que nun golpe de sorte ou infortunio conservaran. Algúns entran nas tendas de artigos de luxo e saen cargados de xoias, perfumes ou comunicadores da flamante serie Y; outros, nun rauto un chisco infantil, camiñan en sentido contrario ao obrigado e acceden a edificios vetados ao segmento dos operarios manuais; entremetres, o resto parece conformarse con destruír o pouco que queda enteiro, desde os farois da rúa ata os vehículos que a terra non tragou.

Agora xa é de día. A imaxe que ofrece o amencer é máis triste aínda que a da xornada precedente. O orballo

emborrallouno todo. Vê caras, poucas, algunhas de nenos, asexando tras os linteis de ventás arrincadas pola explosión. Desvía a mirada e non se detén; non pode facer nada por eles, só desexar que axiña chegue unha axuda que ela mesma precisa tamén.

Como se alguén escoitase as súas súplicas, deseguida irrompe na distancia un grupo de persoas. Non son coma os malféitores cos que se ten cruzado, estes avanza nun bloque compacto e ben organizado. Ao írense achegando observa que van vestidos do mesmo xeito, cun uniforme branco no que só destaca unha pequena bandeira neixente e que contrasta coa estampa gris da contorna. Todos eles teñen trazos orientais. Son militares.

A moza corre cara ao grupo e decátase de que varios soldados dirixen as súas armas contra ela. Ergue os brazos e pide axuda. As metralladoras de íóns xa non a apuntan, deixaron de considerala un perigo. Cando chega onda eles ve que o pelotón está conformado por rapazas e rapaces da mesma idade ca ela. A súa soltura na lingua neixente permítelle entenderse con eles sen dificultade.

—Necesito axuda! —berra a moza—. A miña nai morreu e o meu pai non sei onde está! Levo desde onte...

Cun xesto de calma o que parece ser o xefe do grupo pídelle silencio para falar el.

—Somos voluntarios do exército da Metrópole. Estamos percorrendo a cidade na procura de superviventes. Antes de ser evacuada a zona segura levarémoste a un hospital de campaña para avaliar o teu estado de saúde.

A moza quere dicirlles que está ben, que non desexa que a leven a ningures, que necesita saber o que pasou, o que pasa, onde está o seu pai, cantos dos seus amigos seguen

vivos... Pero cando reacciona os militares xa non están; só unha xove que semella estar tan asustada coma ela a acompaña en dirección contraria, camiño do prometido hospital.

—Como te chamas? –pregúntalle a enfermeira.

—Mei.

—Cantos anos tes, Mei?

—Dezaseis... Non, dezasete! É que onte foi o meu aniversario e...

—Vaia, pois a partir de agora deberías celebralo dúas veces –sorri a muller–. Levaches un golpe na cabeza...

—Si, caeume a lámpada do cuarto enriba coa explosión grande, a primeira. Pero do resto estou ben.

—Algunha outra ferida?

—Non, nada máis... –afirma Mei–. Eu o que necesito é saber onde...

—Todo o demais terás que xestionalo cando te instales no campamento de acollida. Aquí só resolvemos cuestións médicas –explica a enfermeira–. Que levas nesa mochila?

—Nada, o comunicador, un X3 dos antigos; que xa non funciona, claro. Tamén levo a memoria vital, unha muda... –de súpeto, Mei lembra os *jiaozi* que colleu no restaurante en que durmíu e un lene rubor cóbrelle as pencas das meixelas–. E... E un pouco... de comida.

—Tranquila, non é iso o que nos mandan buscar, podes quedar con todo –trata de calmala a muller–. Agora vante acompañar ata a dársena dos helicópteros e montarás no primeiro que atopas na zona de engalaxe. Que teñas sorte –engade mentres engurra o rostro nunha carantoña de complicidade.

Un mozo de uniforme branco, outro militar voluntario, pídelle que o acompañe. Mei abandona as dependencias do hospital de campaña e atravesa un longo corredor que desemboca nunha explanada onde unha decena de helicópteros coa bandeira neixente serigrafada se alíña en perfecta orde. Seguindo as indicacións recibidas, sobe ao primeiro. O interior está ateigado de superviventes coma ela. Acomódase nun dos poucos asentos libres.

Apenas dúas ou tres persoas máis acceden ao habitáculo antes de que o piloto peche a porta e as hélices comencen a ruxir. Sen dar creto ao que ve, Mei queda mirando para a derradeira persoa que entra no aparato, para a derradeira persoa que ela agardaba ver entrar no aparato. «Non pode ser...», murmura para si.

Luns, 17 de xuño

Nin sequera a sólida muralla que separaba o porto do resto da cidade resistiu a salvaxe explosión: once séculos de grosos muros, foxos e atalaias que defenderan a badía de ataques e incursións quedaron desintegrados en apenas un segundo. Por suposto, os edificios modernos viñéronse abaixo con moita maior facilidade, como se un neno aborrecido da súa construción na area decidise esmagala para lle aforrar o labor á enchente.

O peirao arredor do que a cidade fora medrando, con todas as súas embarcacións, guindastres, naves de almacenamento, diques de abrigo e crebaondas, esvaeceuse como se nunca chegase a existir; nas estradas abríronse xigantescas fendas de asfalto que enguliron os vehículos que circulaban por riba delas; e rúas, prazas, parques e paseos quedaron fundidos nunha lamacentá amálgama de cascallos grises.

Eran as sete da mañá do luns 17 de xuño de 2053, e onde só uns segundos antes se erguía desafiante e orgullosa a varias veces milenaria cidade de Tharsis (situada na baía do mesmo nome e rebautizada como Lei Na Hai tras a Unificación), inmediatamente despois do estoupido non quedou máis ca unha inmensa fochanca fumegante.

Sobre as causas da catástrofe aventuráronse múltiples hipóteses: un buque mercante con produtos químicos ou radioactivos, toneladas de fertilizante almacenadas no porto e que entraron en combustión debido á calor, un inxente cargamento de material pirotécnico chegado desde a Metrópole para celebrar a Festa do Barco do Dragón...

Finalmente, as inverosímiles versións oficiais acabaron incluíndo tamén un posible atentado terrorista dos austrais e mais a explosión dun depósito de gas que rebentara durante unhas obras de perforación na zona portuaria, que xa fora mil veces perforada previamente. Porén, ninguén ousou contradicir as autoridades, e nos medios de comunicación só se falaba de labores de rescate, heroes anónimos e milagres cada vez menos frecuentes de nenos e anciáns que aparecían vivos baixo os entullos.

Contra a lóxica, os barrios máis altos e afastados da liña de costa resultaron tan afectados coma os que estaban na mesma ribeira en que se orixinara a explosión. Pero sobre este paradoxo pairou, coma sempre, o silencio: ás autoridades non lles interesaba explicar por que os habitantes das áreas residenciais onde vivía a clase podente sufriran as devastadoras consecuencias na mesma medida que as zonas baixas ocupadas pola xente traballadora.

Así, as maxestosas vivendas unifamiliares levantadas na aba do outeiro que presidía a enseada de Lei Na Hai escorregaron monte abaixo ata mesturárense naquel lodo informe. Sotos acondicionados como cinemas privados e salas de ping-pong, céspedes perfilados con precisión milimétrica por máquinas láser programadas para rabenar ata a folla máis miúda, piscinas cubertas e descubertas,

canchas de bádminon e baloncesto, imaxes relixiosas e cruceiros espoliados cando se prohibiron todos os cultos... Todo se precipitou absorbido polo burato negro en que se transformou a cidade enteira, e no que por unha vez se fusionaron todas as clases sociais en unha, tal e como afirmaban os principios da Unificación.

O po en suspensión fixo que apenas se puidese ver a luz do sol nos días seguintes, os máis longos do ano. Por se non abundase coa traxedia, unha chuvia a destempo que os avariados sistemas de control do clima non puideron evitar complicou as tarefas dos miles de soldados voluntarios chegados desde a Metrópole para levantar hospitais de campaña en que atender os feridos e organizar a evacuación; e tamén para recoller os corpos sen vida antes de se corromperen e converterse en potenciais focos de infección.

Malia as dificultades, en poucas semanas deuse por rematado o relato de vítimas: segundo os medios de comunicación, dos 98 738 habitantes censados en Lei Na Hai, 10 638 foron declarados falecidos; 8012 déronse por desaparecidos; e o resto, máis de 80 000 persoas, foi trasladado a campos de acollida espaxados por toda a rexión macaronésica xa desde o día seguinte. Practicamente todo o mundo sabía que aquelas cifras eran outra mentira, que apenas houbera superviventes. Pero unha vez máis ninguén se atreveu a contradicir a versión das autoridades.